



FEDERACIÓN GALEGA
DE BALONCESTO

BASES
DE COMPETICIÓN

Temporada 2008-2009

INDICE

BASES DE COMPETICIÓN

Páx

NORMAS XERAIS

| | |
|---|----|
| Relación de Competicións | 5 |
| Organización de Competicións | 6 |
| Inscripción dun Clube | 6 |
| Inscripción de Equipos | 6 |
| Categorías | 7 |
| Deposito economico inicial ou aval bancario | 7 |
| Cota de Afiliación | 8 |
| Cotas de vinculación de clubes | 9 |
| Cotas de dilixenciamento de licenzas | 9 |
| Tarifas de Arbitrxes | 10 |
| Tarifas de delegados federativos e comisarios de mesa | 11 |
| Dietas e gastos de desprazamento de árbitros, delegados federativos, comisarios de mesa, directivos da federación galega de baloncesto e do comité galego de árbitros | 11 |
| Programación de Seleccións Galegas e Zonais | 12 |
| Outras Disposicións | 12 |

NORMAS ESPECÍFICAS

Categoría Senior

| | |
|--|----|
| Campionato Primeira División Masculina «Grupo A» | 15 |
| Liga FGB Senior Masculina | 19 |
| Campionato Zonal Senior Masculino | 22 |
| Copa FGB Senior Masculina | 23 |
| Campionato Primeira División Feminina «Grupo A» | 26 |
| Liga FGB Senior Feminina | 31 |
| Campionato Interzonal Senior Feminino | 34 |
| Copa FGB Senior Feminina | 35 |

Categoría Junior

| | |
|----------------------------------|----|
| Torneo Apertura Masculino | 40 |
| Fase Grupo Especial Masculino | 41 |
| Cruces Clasificatorios Masculino | 42 |
| Copa FGB Masculina | 42 |
| Liga FGB Masculino | 44 |
| Torneo Apertura Feminina | 45 |

| | |
|--|----|
| Fase Grupo Especial Feminino | 45 |
| Cruces Clasificatorios Feminino | 46 |
| Copa FGB Feminina | 47 |
| Liga FGB Feminina | 48 |
| Categoría Cadete | |
| Torneo Apertura Masculino | 51 |
| Fase Grupo Especial Masculino | 52 |
| Cruces Clasificatorios Masculino | 53 |
| Copa FGB Masculina | 54 |
| Liga FGB Masculina | 55 |
| Torneo Apertura Feminina | 56 |
| Fase Grupo Especial Feminino | 57 |
| Cruces Clasificatorios Feminino | 57 |
| Copa FGB Feminina | 58 |
| Liga FGB Feminina | 59 |
| Categoría Infantil | |
| Regras de Xogo | 60 |
| Torneo Apertura Masculino | 64 |
| Fase Grupo Especial Masculino | 65 |
| Cruces Clasificatorios Masculino | 65 |
| Copa FGB Masculina | 66 |
| Liga FGB Masculina | 67 |
| Torneo Apertura Feminina | 68 |
| Fase Grupo Especial Feminino | 69 |
| Cruces Clasificatorios Feminino | 70 |
| Copa FGB Feminina | 70 |
| Liga FGB Feminina | 72 |
| Categoría Minibasket | |
| Campionato Zonal Minibasket | 73 |
| Campionato Galego de Minibasket Fase Final | 74 |
| Día do Minibasket Galego | 74 |
| Día do Minibasket Zonal | 74 |
| Campionatos de Seleccións Locais | 75 |
| Normas para solicitar a organización de Encontros e Torneos Amigables | 75 |
| Fusións e Cesiós | 75 |

INTRODUCCIÓN ÁS BASES

Planifícanse as Competicións da Tempada 2008-2009 como a primeiras das incluídas no período Olímpico 2008-2012. As presentes normas son comúns para todas as Competicións organizadas pola Federación Galega de Baloncesto, salvo o indicado nos Estatutos, Regulamento Xeral, Disposicións da Comunidade Autónoma e normas específicas de cada Competición.

1.- NORMAS XERAIS

1.1. RELACIÓN DE COMPETICIÓNS :

A Federación Galega de Baloncesto organizará na Tempada 2008-2009 as seguintes Competicións Oficiais:

- COPA GALICIA SENIOR MASCULINA E FEMININA.
- CAMPIONATO DE 1ª DIVISION MASCULINA GRUPO «A».
- CAMPIONTO DE 1ª DIVISIÓN FEMININA GRUPO «A»
- Liga FGB Sénior Masculina.
- CAMPIONATO ZONAL SENIOR MASCULINO.
- Copa FGB Sénior Masculina.
- Liga FGB Sénior Feminina.
- Liga FGB INTERZONAL SENIOR FEMININA.
- Copa FGB Sénior Feminina.
- Liga FGB Júnior Masculina
- CAMPIONATO ZONAL JUNIOR MASCULINO.
- Copa FGB Júnior Masculina.
- Liga FGB Júnior Feminina.
- CAMPIONATO ZONAL JUNIOR FEMININO.
- Copa FGB Júnior Feminina.
- Liga FGB Cadete Masculina.
- CAMPIONATO ZONAL CADETE MASCULINO.
- Copa FGB Cadete Masculina.
- Liga FGB Cadete Feminina.
- CAMPIONATO ZONAL CADETE FEMININO.
- Copa FGB Cadete Feminina.
- Liga FGB Infantil Masculina
- CAMPIONATO ZONAL INFANTIL MASCULINO.
- Copa FGB Infantil Masculina.
- Liga FGB Infantil Feminina.
- CAMPIONATO ZONAL INFANTIL FEMININO.
- Copa FGB Infantil Feminina.
- CAMPIONATO ZONAL DE MINIBASKET (ALEVÍN E BENXAMÍN)
- CAMPIONATO GALEGO DE MINIBASKET (ALEVÍN)

- DÍA DO MINIBASKET GALEGO.
- DÍA DO MINIBASKET ZONAL.
- CAMPIONATOS DE SELECCIÓN ZONAS MINIBASKET MASCULINAS - NADOS EN 1998.
- CAMPIONATOS DE SELECCIÓN ZONAS MINIBASKET FEMININAS NADAS EN 1998.
- CAMPIONATOS DE SELECCIÓN ZONAS PREINFANTÍS MASCULINAS.
- CAMPIONATOS DE SELECCIÓN ZONAS PREINFANTÍS FEMININAS.
- CAMPIONATOS DE SELECCIÓN ZONAS PRECADETES MASCULINAS.
- CAMPIONATOS DE SELECCIÓN ZONAS PRECADETES FEMININAS.
- Calquera outra Competición organizada pola Federación Galega de Baloncesto.

1.2. ORGANIZACIÓN DE COMPETICIÓN.

A Federación Galega de Baloncesto organizará aquelas competicións que teñan un carácter autonómico, delegando nas Delegacións Zonais a organización das competicións de carácter zonal.

As Delegacións Zonais, dentro dos seus respectivos ámbitos xeográficos, poderán organiza-lo Campionato Zonal nunha ou varias divisións que terán carácter oficial si se axustan ás presentes normas.

Cando unha Competición Zonal non reúna un mínimo de 4 equipos para desenrolarse, deberá levala a cabo xuntamente con outra Delegación limítrofe co fin de permitir un desenvolvemento normal dunha Competición. Os equipos das zonas afectadas por esta decisión, deberán de acatar a decisión que sobre o particular determine o Comité de Actividades da F.G.B., o cal tamén poderá, en caso excepcional, permitir unha liga, zonal con menos de seis equipos.

1.3. INSCRICIÓN DUN CLUBE.

Para que un club ou entidade poida ser autorizado a inscribirse en competición deberá presentar na F.G.B., a través da súa Delegación Zonal correspondente, e no prazo debido a seguinte documentación:

- Ficha autonómica do Club.
- Fotocopia, por unha soa vez, dos Estatutos aprobados pola Dirección Xeral de Deportes da Xunta de Galicia.

A documentación anterior deberá presentarse anteriormente á inscrición de calquera equipo do Club.

1.4. INSCRICIÓN DE EQUIPOS.

Para que un equipo, dun club previamente inscrito, poida ser autorizado a inscribirse en competición deberá presentar na F.G.B., a través da súa Delegación zonal correspondente, e no prazo debido a seguinte documentación:

- Ficha de inscrición do equipo na categoría que corresponda.
- Ingreso bancario da cota de inscrición.
- Ingreso bancario do Depósito económico inicial.

A documentación anterior deberá presentarse anteriormente á inscrición de calquera equipo do club.

1.5. CATEGORÍAS.

Para a Tempada 2008/09 as categorías ás que corresponde un xogador en función ó ano do seu nacemento son as seguintes:

| CATEGORÍA | ANO DE NACEMENTO |
|------------------------|-------------------------|
| CATEGORÍA SENIOR | Antes de 1991 |
| CATEGORÍA JUNIOR | 1991-92 |
| CATEGORÍA CADETE | 1993-94 |
| CATEGORÍA PRE-CADETE | 1994 |
| CATEGORÍA INFANTIL | 1995-96 |
| CATEGORÍA PRE-INFANTIL | 1996 |
| MINIBASKET (ALEVÍN) | 1997-98 |
| MINIBASKET (BENXAMÍN) | 1999 e posteriores |

1.6. DEPOSITO ECONOMICO INICIAL OU AVAL BANCARIO

Coa inscrición cada club presentará Aval Bancario ou ingresará na conta da F.G.B. a modo de Depósito Inicial as seguintes cantidades en función da súa categoría:

| CATEGORÍA DO CLUBE | DEPÓSITO INICIAL |
|---|-------------------------|
| - CAMPIONATO DE 1ª DIVISION MASCULINA GRUPO «A» | 2.900,00 € |
| - CAMPIONATO DE ESPAÑA DE 1ª DIVISIÓN FEMININA GRUPO «A» | 1.950,00 € |
| - LIGA FGB SENIOR MASCULINA | 1.250,00 € |
| - LIGA FGB SENIOR FEMININA | 625,00 € |
| - CAMPIONATO ZONAL SENIORMASCULINO E FEMININO | 300,00 € |
| - COPA FGB SENIOR MASCULINA E FEMININA | 100,00 € |
| - LIGA FGB JUNIOR-CADETE-INFANTIL MASCULINA E FEMININA | 300,00 € |
| - CAMPIONATOS ZONAIS JUNIOR-CADETE INFANTIL MASC. E FEM. | 100,00 € |
| - COPA FGB JUNIOR-CADETE-INFANTIL MASCULINOS E FEMININOS | 100,00 € |
| - CAMPIONATO ZONAL DE MINIBASKET (ALEVÍN E BENXAMÍN) | 0 |

Este Depósito actuará como Aval e será devolvido ós clubs antes da finalización da Tempada oficial, sempre que finalicen a Competición, non existan

reclamacións pendentes ou expedientes en tramitación nos Comités Xurisdicionais e cúmpranse os seguintes requisitos:

1. Todos os equipos do Club finalizan a Competición, sen se retirar, ou ser retirados pola Federación Galega. A retirada da Competición levará consigo a perda parcial ou total do efectivo depositado, en función da categoría do equipo que non finaliza a Competición, sen prexuízo do que determine o Comité de Competición.
2. Estar ó corrente nas súas obrigas de pago coa F.G.B. por calquera motivo, tales como impago de dereitos de inscrición, dilixenciamento de fichas, mutualidade, sancións, impago de arbitrxes, etc., tanto en competicións autonómicas como zonais e, fronte a terceiros, por Fallos emitidos polos Comités Xurisdicionais.

1.7. COTA DE AFILIACIÓN.

Para a inscrición de cada equipo abonaranse as seguintes cantidades como Cota de Afiliación:

| COMPETICIÓN | COTA DE AFILIACIÓN |
|---|---------------------------|
| - COPA GALICIA SÉNIOR MASCULINA E FEMININA | 0 |
| - CAMPIONATO DE 1ª DIVISION MASCULINA GRUPO «A» | 260,00 € |
| - CAMPIONATO DE 1ª DIVISIÓN FEMININA GRUPO «A» | 240,00 € |
| - LIGA FGB SÉNIOR MASCULINA | 225,00 € |
| - CAMPIONATO ZONAL SÉNIOR MASCULINO | 120,00 € |
| - COPA FGB SÉNIOR MASCULINA | 0 |
| - LIGA FGB SÉNIOR FEMININA | 225,00 € |
| - LIGA FGB INTERZONAL SÉNIOR FEMININA | 120,00 € |
| - COPA FGB SÉNIOR FEMININA | 0 |
| - LIGA FGB JUNIOR | 150,00 € |
| - CAMPIONATO ZONAL JUNIOR | 50,00 € |
| - COPA FGB JUNIOR | 0 |
| - LIGA FGB CADETE | 150,00 € |
| - CAMPIONATO ZONAL CADETE | 30,00 € |
| - COPA FGB CADETE | 0 |
| - LIGA FGB INFANTIL | 120,00 € |
| - CAMPIONATO ZONAL INFANTIL | 30,00 € |
| - COPA FGB INFANTIL | 0 |
| - CAMPIONATO ZONAL DE MINIBASKET (ALEVÍN E BENXAMÍN) | 30,00 € |
| -DÍA DO MINIBASKET GALEGO | 0 |
| -DÍA DO MINIBASKET ZONAL: | 0 |

1.8. COTAS DE VINCULACIÓN DE CLUBS.

Para a vinculación de cada equipo dun Club con outro Club, este último deberá de abona-la seguinte Cota de Dilixenciamento: 100,00 Euros.

1.9. COTAS DE DILIXENCIAMENTO DE LICENZAS.

Para o dilixenciamento das licencias terase que abona-los seguintes dereitos:

| COMPETICIÓN | COTA DE DILIGENC. | SEGURO MÉDICO |
|-------------------------------|--------------------------|----------------------|
| 1ª DIVISION | | |
| XOGADOR | 60,00 € | 41,50 € |
| PREPARADOR | 120,00 € | 21,00 € |
| DELEGADOS | 60,00 € | 21,00 € |
| LIGA FGB SÉNIOR | | |
| XOGADOR | 30,00 € | 41,50 € |
| PREPARADOR | 40,00 € | 21,00 € |
| DELEGADOS | 30,00 € | 21,00 € |
| CATEGORÍA SÉNIOR ZONAL | | |
| XOGADOR | 20,00 € | 41,50 € |
| PREPARADOR | 25,00 € | 21,00 € |
| DELEGADOS | 20,00 € | 21,00 € |
| CATEGORÍA JUNIOR | | |
| XOGADOR | 17,00 € | 21,00 € |
| PREPARADOR | 25,00 € | 21,00 € |
| DELEGADOS | 15,00 € | 21,00 € |
| CATEGORÍA CADETE | | |
| XOGADOR | 0 | |
| PREPARADOR | 0 | |
| DELEGADOS | 0 | |
| CATEGORÍA INFANTIL | | |
| XOGADOR | 0 | |
| PREPARADOR | 0 | |
| DELEGADOS | 0 | |
| CATEGORÍA MINIBASKET | | |
| XOGADOR | 0 | |
| PREPARADOR | 0 | |
| DELEGADOS | 0 | |

No caso dos xogadores/as benxaminas que non sexan asegurados polo Deporte Escolar o custo do seguro deportivo será de 07,00 €

1.10. TARIFAS DE ARBITRAXES.

Os dereitos de arbitrase, gastos de desprazamento e dietas de árbitros e oficiais de mesa (cando procedan) serán por conta do equipo local. Exceptuaranse os supostos de petición de arbitrase non zonal nos cales o club solicitante abonará os desprazamentos e dietas da parella arbitral, mentres o club local abonará os dereitos de arbitrase e os desprazamentos e dietas dos Oficiais de mesa, cando procedan estes últimos.

En canchas situadas fóra do concello ó que pertence a delegación do comité de árbitros, abonarase o desprazamento, de ida e volta, a razón de 0,18 Euros/Km.

| COMPETICIÓN | TARIFA DE ARBITRAXE |
|--|---------------------|
| - CAMPIONATO DE 1ª DIVISION MASCULINA GRUPO «A» | 365,00 € |
| - CAMPIONATO DE ESPAÑA DE 1ª DIVISIÓN FEMININA GRUPO «A» | 215,00 € |
| - LIGA FGB SÉNIOR MASCULINA | 285,00 € |
| - CAMPIONATO ZONAL-INTERZONAL SÉNIOR MASCULINO | 80,00 € |
| - COPA FGB SÉNIOR MASCULINA | 200,00 € |
| - LIGA FGB SÉNIOR FEMININA | 108,00 € |
| - CAMPIONATO FGB ZONAL-INTERZONAL SÉNIOR FEMININA | 70,00 € |
| - COPA FGB SÉNIOR FEMININA | 79,00 € |
| - LIGA FGB JUNIOR | 68,00 € |
| - CAMPIONATO ZONAL/INTERZONAL JUNIOR | 58,00 € |
| - LIGA FGB CADETE | 58,00 € |
| - CAMPIONATO ZONAL-INTERZONAL CADETE | 47,00 € |
| - LIGA FGB INFANTIL | 48,00 € |
| - CAMPIONATO ZONAL INFANTILINTERZONAL (INF. E PREINFANTIL) | 35,00 € |
| - CAMPIONATO ZONAL/INTERZONAL DE MINI (ALEVÍN E BENXAMÍN) | 24,00 € |

| | Liga FGB Sr.Fem. | Zonal e Interzonal Sr. Masc | Copa FGB Sr.Fem. | Zonal e Interzonal Sr. Fem. | Liga FGB Júnior | Zonal e Interzonal Junior | Liga FGB Cadete | Zonal e Interzonal Cadete | Liga FGB Infantil | Zonal e Interzonal Infantil | Premini e Mini |
|--------------------|------------------|-----------------------------|------------------|-----------------------------|-----------------|---------------------------|-----------------|---------------------------|-------------------|-----------------------------|----------------|
| 2 Ar. y 3 Ax. | 108 | | 79 | | 68 | | 58 | | 48 | | |
| 2 Ar. y 2 Ax. | 101 | 80 | 78 | 70 | 66 | 58 | 56 | 47 | 46 | 35 | |
| 2 Ar. y 1 Ax. | 95 | 76 | 70 | 66 | 60 | 54 | 52 | 44 | 42 | 33 | 24 |
| 1 Ar. y 3 Ax. | 95 | | 69 | | 60 | | 51 | | 44 | | |
| 1 Ar. y 2 Ax. | 88 | 70 | 68 | 60 | 58 | 51 | 49 | 41 | 42 | 30 | |
| 1 Ar. y 1 Ax. | 82 | 66 | 60 | 56 | 52 | 47 | 45 | 38 | 38 | 28 | 20 |
| 1 Ar. Sin Auxiliar | | | | | | | | | | 22 | 15 |

Nas competicións que non se indique expresamente nas súas bases o arbitraxe será zonal. Se algún club solicitase arbitraxe non zonal deberá facelo por escrito á Federación Galega de Baloncesto con 5 días de antelación á data de celebración do encontro. A F.G.B remitirá ó club solicitante a liquidación definitiva dos gastos por desprazamento e dietas.

Para encontros de arbitraxe zonal nos que non acuda o equipo arbitral completo, aplicaranse as tarifas sinaladas no cadro anterior.

| | 1.ª División Nacional | 1.ª División Femenina | LFGB Masculina | LFGB Femenina | Copa FGB Sr. Masc. | Copa FGB Sr. Fem. | Zonal e Interzonal Infantil Sr. Masc. | Zonal e Interzonal Infantil Sr. Fem. | Júnior Autonómico | Zonal e Interzonal Júnior | Cadete Autonómico | Zonal e Interzonal Cadete | Infantil Autonómico | Infantil Zonal | Premini e Mini |
|----------------------|-----------------------|-----------------------|----------------|---------------|--------------------|-------------------|---------------------------------------|--------------------------------------|-------------------|---------------------------|-------------------|---------------------------|---------------------|----------------|----------------|
| Arb. Princ. | 75 | 68 | 45 | 26 | 24 | 20 | 23 | 19 | 16 | 15 | 14 | 12 | 10 | 10 | 8 |
| Arb. Aux. | 75 | 68 | 45 | 26 | 24 | 20 | 23 | 19 | 16 | 15 | 14 | 12 | 10 | 10 | 8 |
| Arb. Solo | | | | 39 | | 30 | 36 | 28 | 24 | 23 | 21 | 18 | 16 | 15 | 12 |
| Acta | 19 | 18 | 15 | 13 | 11 | 9 | 11 | 10 | 8 | 8 | 6 | 6 | 6 | 4 | |
| Crono | 19 | 18 | 15 | 13 | 11 | 9 | 11 | 10 | 8 | 8 | 6 | 6 | 6 | 4 | |
| 24" | 19 | 18 | 15 | 13 | 11 | 9 | | | 8 | | 6 | | 6 | | |
| 1 ^{er} Aux. | | | | 26 | | 18 | 18 | 16 | 16 | 12 | 12 | 9 | 12 | 6 | 5 |
| 2 ^{er} Aux. | | | | 16 | | 13 | | | 11 | | | | 8 | | |

Dereitos de arbitraxe das distintas categorías, segundo o número de árbitros e auxiliares que dirixen o partido.

1.11. TARIFAS DE DELEGADOS FEDERATIVOS E COMISARIOS DE MESA.

O club solicitante abonará a tarifa de 50,00 euros máis os gastos de desprazamento e as dietas de Delegados Federativos e Comisarios de Mesa.

1.12. DIETAS E GASTOS DE DESPRAZAMENTO DE ÁRBITROS, DELEGADOS FEDERATIVOS, COMISARIOS DE MESA, DIRECTIVOS DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO E DO COMITÉ GALEGO DE ÁRBITROS.

DIETAS:

Mediodía 36,06

Día completo sen aloxamento 51,08

Día completo con aloxamento 108,00

Dieta sen desprazamento almorzo - cena 18,00

As dietas serán aplicadas unicamente cando os árbitros, delegados federativos, comisarios de mesa ou directivos da FGB actúen nunha localidade distinta da súa residencia.

As dietas sen desprazamento serán aplicadas cando os árbitros, delegados federativos, comisarios de mesa actúen nunha localidade pertencente ó seu

comité zonal. Aplicarase esta dieta cando o partido comece ou finalice entre as 14,30 horas e as 15,45 horas ou despois das 23,00 horas.

Cada delegación poderá, se así se aproba, ratealos gastos de desprazamento dos árbitros entre todos os clubs.

GASTOS DE DESPRAZAMENTO:

En ferrocarril atenderase o importe do billete en primeira clase ou coche cama.

En coche particular abonarase a razón de 0,18 Euros/Km. por PERSOA no suposto de que o desprazamento efectúese por separado. No caso de árbitros, se son da mesma localidade abonarase a razón de 0,20 Euros quilómetro prezo único.

Noutros medios de transporte abonaranse os desprazamentos ó prezo dos billetes ordinarios de similar nivel.

1.13. PROGRAMACIÓN DE SELECCIÓN GALEGAS E ZONAI

As datas programadas das concentracións e das propias seleccións autonómicas son incompatibles coa programación de todo tipo de competición na medida en que afecten a xogadores/as implicados.

As programadas con antelación e previstas en Bases de competición, serán as seguintes:

Categoría Minibasket: 21 setembro, 26 outubro, 30 novembro, 20 e 21 de decembro de 2008. 15 de febreiro, 28 de febreiro, 1 de marzo e 28 e 29 de marzo. Competición do 5 ao 12 de Abril do 2009.

Categoría Infantil: 6 e 7 de setembro a feminina e 13 e 14 de setembro a masculina, 12 de outubro, 1 e 2 de novembro, 23 de novembro, do 6 ao 7 de decembro, 20 e 21 de Decembro e do 27 ao 29 de Decembro de 2008. Competición do 2 ao 8 de xaneiro do 2009.

Categoría Cadete: 13 e 14 de setembro, 12 de outubro, do 1 ao 2 de novembro, 23 de novembro, 6 e 7 e 21 e 22 de decembro, do 27 ao 29 de decembro de 2008. Competición do 2 ao 8 de Xaneiro do 2009.

Terase en conta as datas que se determinen para o calendario de Competicións de Seleccións Zonais: 29 de marzo, 3 de maio e 14 de xuño. Estas datas poderanse variar polo Comité Técnico da FGB.

1.14. OUTRAS DISPOSICIÓN.

1.14.1 Todo escrito dirixido á F.G.B. ou calquera dos seus comités, deberá ir plenamente identificado, é dicir: deberán consta-lo club que o presenta así como nome, apelidos e D.N.I. da persoa que o asine.

1.14.2. Queda totalmente prohibido a utilización do nome da Federación Galega de Baloncesto, así como das súas siglas, FGB, e logotipo. Calquera club ou entidade que desexe facer uso dos mesmos, deberá solicitalo por escrito á Presidencia da F.G.B., alegando as razóns do mesmo. O Presidente

da F.G.B. estimará, se procede, a cesión ou usufruto do seu nome, siglas ou logotipo.

1.14.3. Naquelas competicións en que os equipos puidesen participar nalgunha fase do Campionato de España terán que acata-la normativa da F.E.B. correspondente.

2. NORMAS ESPECÍFICAS

2.1. CATEGORÍA SÉNIOR.

2.1.1. CAMPIONATO DE PRIMEIRA DIVISIÓN MASCULINA «GRUPO A».

2.1.1.1. EQUIPOS PARTICIPANTES.

Este grupo estará formado por 16 equipos da Comunidade Autónoma Galega e que serán os seguintes:

- Equipos descendidos da liga EBA da Comunidade Galega da Tempada anterior.
- Equipos que manteñen a categoría.
- Equipos ascendidos a esta categoría de acordo coas normas específicas para as competicións.

2.1.1.2. DATA DE INSCRIPCIÓN DE EQUIPOS.

Data tope de inscrición: 31 de xullo 2008

2.1.1.3. XOGADORES.

A data limite para dar de alta a xogadores nesta categoría será a do 27 Febreiro do 2009.

2.1.1.4. ARBITRAXES.

As arbitraxes serán NON ZONAIS. Existirá un rateo xeral co fin de que cada equipo abone a mesma cantidade por dereitos de arbitraje. Autorízase que os encontros en que participen equipos da mesma zona poidan ser dirixidos por árbitros desa zona.

2.1.1.5. FORMA DE XOGO.

Fase Liga

A competición desenrolarase por sistema de liga (ida e volta) entre os 16 equipos participantes (30 xornadas).

Ó remata-la Competición elaborárase unha clasificación final que servirá tanto para determina-los equipos que participarán na Fase de Ascenso como os equipos que perderán a categoría.

Fase de Ascenso

Os catro primeiros equipos clasificados xogarán a FASE FINAL para determinar unha orde de clasificación final do 1º ó 4º. Dita Fase xogarase en concentración, por sistema de liga a unha volta, todos contra todos.

2.1.1.5.1. NORMAS PARA SOLICITAR A ORGANIZACIÓN DA FASE DE ASCENSO

Os clubs, entidades e outros organismos, a través das Delegacións Zonais, poderán solicitar da F.G.B., a organización da Fase de Ascenso.

Con tal fin e a través da circular ou circulares que sexan precisas, a F.G.B. convocará concurso público de adxudicación de ditas Fases. En ditas circulares establecerase o procedemento a seguir e as condicións en que serán concedidas as organizacións das Fases finais dos campionatos autonómicos.

Ata o momento da sinatura do protocolo e do cumprimento das condicións económicas establecidas, non se considera definitiva a concesión, aínda despois de ser designada pola F.G.B.

A entidade organizadora do campionato autonómico fará constar en todos os anuncios, carteis, etc. o nome da F.G.B. e o dos Servizos Provinciais da Dirección Xeral de Deportes da Xunta de Galicia.

En caso de que a adxudicación fose declarada deserta, a Federación Galega de Baloncesto designará un campo, sendo todos os gastos por conta dos equipos participantes, correndo cada un deles a parte proporcional dos mesmos.

2.1.1.5.1. ASCENSOS E DESCENSOS.

Os ascensos a liga EBA produciranse en función da normativa establecida para dita competición pola Federación Española de Baloncesto, que para a presente tempada será a seguinte: o 1º equipo clasificado galego ascenderá directamente a liga EBA, o segundo clasificado, sempre que non descenda ningún equipo de LEB BRONCE a conferencia de EBA na que están englobadas estas comunidades, disputará unha fase co 2º e 3º clasificados de Castela - León, Asturias e Cantabria e o 2º clasificado de Navarra, Rioxa e País Vasco. Esta fase celebrarase nunha das poboacións ás que pertencen os equipos intervinientes previo sorteo da mesma, que se realizará na FEB; o sistema de xogo será de liga a unha volta; os arbitrxes serán de autonomía distinta ós equipos participantes, correndo con todos os gastos os mencionados equipos, e serán designados pola FEB do grupo de liga EBA.

Descenderán ó Campionato Autonómico de 1ª División os equipos clasificados nos postos 15º e 16º, así como o equipo clasificado en 14º lugar, se descendese un equipo galego a liga EBA, e así sucesivamente, se os descendidos fosen 2 ou máis.

En caso de se producir ascensos, descenso ou renuncias estas cubriranse seguindo o orde establecido no artigo 125 do Regulamento Xeral da F.G.B.

Se unha vez comezada a competición retirásese algún equipo ou fóra desqualificado pola F.G.B., cubrirá unha das prazas de descenso.

2.1.1.6. DATAS DE XOGO.

Fins de semana correspondentes ás seguintes datas:

Fase Liga

| | | | |
|----------|--------------|----------|---------------|
| Setembro | 21, 28 | Outubro | 5, 12, 19, 26 |
| Novembro | 2, 9, 16, 23 | Decembro | 14, 21 |
| Xaneiro | 11, 18, 25 | Febreiro | 1, 8, 15, 22 |

Marzo 1, 8, 15, 22, 29
Maio 3, 10.

Abril 5, 19, 26

Fase de Ascenso

Maio: 22, 23 e 24

2.1.1.7. DATAS DE SORTEOS.

Sorteo Liga: 18 de Agosto de 2008 ás 17,30 horas na FGB.

2.1.1.8. HORARIO DE XOGO.

Banda horaria de inicio de encontros:

Sábado, de 16,30 a 20,30 horas e Domingo, de 10,30 a 12,30 horas e 16,30 a 18,30 hrs.

Os encontros das dúas últimas xornadas disputaranse en horario común: sábado 18,30 hrs.

Modificacións de data, campo ou horario:

| Obxecto | Modificación | Prazo | Recepción | Conformidade | Cota |
|---------|--------------|-------|-----------|--------------|-------|
| | Data | Antes | 1 mes | Si | 0 |
| | Campo | Antes | 1 mes | Non | 0 |
| | Hora | Antes | 1 mes | Si | 0 |
| | Data | Antes | 15 días | Si | 55,00 |
| | Campo | Antes | 15 días | Non | 55,00 |
| | Hora | Antes | 15 días | Si | 55,00 |
| | Data | Antes | 9 días | Si | 75,00 |
| | Campo | Antes | 9 días | Si | 75,00 |
| | Hora | Antes | 9 días | Si | 75,00 |

Excepcionalmente e por causas de forza maior, a xuízo fundamentado do Secretario Xeral da F.G.B., este poderá autorizar algunha solicitude fóra dos prazos sinalados, sendo requisito indispensable para a súa consideración recibir na F.G.B. o día da petición, a cota de 100,00 Euros e a conformidade do equipo contrario.

2.1.1.9. TERREO DE XOGO.

Cada club participante deberá contar cun terreo de xogo Oficial, cuberto e pechado, o cal non poderá variar en toda a Tempada, no que se celebrarán os seus encontros e que reúnan as condicións técnicas que establecen as Regras Oficiais de Xogo, non admitíndose en competicións aqueles equipos que na súa folla de inscrición non o fagan constar, debendo ó cumprimentala súa ficha autonómica do club especifica-las características técnicas do mesmo.

O terreo de xogo será obrigatoriamente liso e non terá planos inclinados, que permita a práctica do baloncesto. O campo de xogo deberá contar obrigatoriamente con marcador electrónico visible, para ambos equipos e público, cronometraxe de vinte e catro segundos electrónico. En casos de forza maior de non contar con sistema de cronometraxe e marcador electrónico deberá telo manual, igualmente os clubs porán a disposición dos Oficiais de

mesa cinco taboñas numeradas do un ó cinco para as faltas persoais, así como dúas bandeiriñas vermellas para a sinalización do coubo das catro faltas, tanto orientados ós equipos como ó público e un dispositivo que marcará a alternancia na posesión de balón.

Cada equipo disporá a ambos lados da mesa de anotación a unha distancia mínima de cinco metros, e a dous metros da liña lateral do terreo de xogo, de forma simétrica, que sexan colocados dous bancos ou cadeiras en cantidade suficiente para cada un dos equipos, e banquiño. Ó propio tempo o club locatario disporá que pegada á mesa de anotación diante da mesma colóquese unha cadeira, para que o equipo que desexe efectuar cambio de xogadores o efectúe coa máxima rapidez.

Nos encontros que participen equipos que realicen desprazamentos e en caso de suspensión do mesmo por inclemencia atmosférica ou por calquera outra causa, deberá se celebra-lo mesmo, obrigatoriamente dentro das dúas horas seguintes á marcada para o comezo do mesmo. Así mesmo se un club ofrece como cancha reserva unha cuberta e pechada e para casos de inclemencia atmosférica, deberá se celebra-lo partido dentro do prazo sinalado anteriormente. Se finalmente e por falta de previsión do equipo local tivese que se suspender definitivamente o encontro, o equipo local perderá o mesmo, sen lle descontar puntos na clasificación e sen que se considerase incomparecencia.

A F.G.B. recomenda a todos os clubs que sexan propietarios de terreos de xogo cubertos e pechados que, dentro das súas posibilidades, utilicen nos mesmos canastras de pé, así como ter reposto de taboleiros para o caso de cacha accidental.

2.1.1.10. BALÓN OFICIAL DE XOGO.

O balón oficial de xogo para esta categoría será de coiro da marca Bádén, modelo BX471 de dúas cores. A non utilización do balón oficial levará consigo a sanción prevista nas normas xerais, no apartado 1.12.

2.1.1.11. OBRIGAS ESPECÍFICAS.

COMUNICACIÓN DE RESULTADOS

O árbitro principal e o club local, están obrigados a comunica-lo resultado o mesmo día do encontro á Federación Galega de Baloncesto, por sms ó teléfono 686936427 ou ben por e-mail a prensa@fegaba.com

DVD DOS ENCONTROS

O Comité de Árbitros da F.G.B. solicitará cun mínimo de 10 días de antelación á celebración do encontro, a copia da gravación do partido, en DVD, ata un máximo de TRES gravacións por Tempada.

Esta filmación deberá incorporar integramente as imaxes e son do encontro, dende a chegada dos árbitros ó terreo de xogo (20 minutos antes do inicio do encontro) ata a retirada dos equipos e árbitros ós vestiarios, ó final do mesmo.

As imaxes e son do DVD deberán te-la calidade suficiente para un correcto visionado do mesmo.

Será remitido ó CGAB, Estadio S. Lázaro Porta 14 Santiago, no transcurso dos 8 días seguintes ó encontro.

Non enviar a gravación nas condicións indicadas neste artigo, suporá unha sanción por parte do Comité Disciplinario.

2.1.1.12. RECOMENDACIÓNS.

Recoméndase a todos os clubs que fagan constar ó dorso da camiseta de cada xogador o seu nome en caracteres de cinco centímetros.

2.1.2. LIGA FGB SÉNIOR MASCULINA

2.1.2.1. EQUIPOS PARTICIPANTES.

Este grupo estará formado por 16 equipos da Comunidade Autónoma Galega e que serán os seguintes:

- Equipos descendidos da Primeira División Masculina “Grupo A” da tempada anterior.
- Equipos que manteñen a categoría.
- Equipos ascendidos a esta categoría procedentes da Copa FGB Sénior Masculina da Tempada anterior de acordo ás súas bases de competición.

2.1.2.2. DATA DE INSCRICIÓN DE EQUIPOS.

Data tope de inscrición: 31 de Xullo de 2008

2.1.2.3. XOGADORES.

A data limite para dar de alta a xogadores nesta categoría será a do 27 Febreiro do 2009.

2.1.2.4. ARBITRAXES.

As arbitraxes serán NON ZONAS. Existirá un rateo xeral co fin de que cada equipo abone a mesma cantidade por dereitos de arbitraje. Autorízase que os encontros en que participen equipos da mesma zona poidan ser dirixidos por árbitros desa zona.

2.1.2.5. FORMA DE XOGO.

A competición desenrolarase por sistema de liga (ida e volta) entre os 16 equipos participantes (30 xornadas).

Ó remata a Competición elaboraráse unha clasificación final que servirá tanto para determinalos equipos que ascenderán como os equipos que perderán a categoría.

2.1.2.5.1. ASCENSOS E DESCENSOS.

Ascenderán a Primeira División Masculina Grupo A, os equipos clasificados no 1er. e 2º posto da clasificación final.

Descenderán ó Campionato Zonal os equipos clasificados nos postos 15º e 16º, así como o equipo clasificado en 14º lugar, se descendese un equipo galego a liga EBA, e así sucesivamente, se os descendidos fosen 2 ou máis.

En caso de se producir ascensos, descensos ou renuncias estas cubriranse seguindo o orde establecido no artigo 125 do Regulamento Xeral da F.G.B.

Se unha vez comezada a competición retirásese algún equipo ou fóra desqualificado pola F.G.B., cubrirá unha das prazas de descenso.

2.1.2.6. DATAS DE XOGO.

Fins de semana correspondentes ás seguintes datas:

| | | | |
|----------|------------------|----------|---------------|
| Setembro | 21, 28 | Outubro | 5, 12, 19, 26 |
| Novembro | 2, 9, 16, 23, 30 | Decembro | 14, 21 |
| Xaneiro | 11, 18, 25 | Febreiro | 1, 8, 15, 22 |
| Marzo | 1, 8, 15, 22, 29 | Abril | 5, 19, 26 |
| Maio | 3, 10 | | |

2.1.2.7. DATAS DE SORTEOS.

Sorteo Liga: 19 de Agosto de 2008 ás 17,30 horas na FGB.

2.1.2.8. HORARIO DE XOGO.

Banda horaria de inicio de encontros:

Sábado, de 16,30 a 20,30 horas e Domingo, de 10,30 a 12,30 horas e de 16,30 a 18,30 h. En ningún caso poderase fixar como horario de xogo as 11.00 h. se o equipo que se despraza faino dende máis de 100 km. por traxecto.

Os encontros das dúas últimas xornadas disputaranse en horario común: sábado 18,30 h.

Modificacións de data, campo ou horario:

| Obxecto Modificación | Prazo Recepción | Conformidade | Cota |
|----------------------|-----------------|--------------|-------|
| Data | Antes 1 mes | Si | 0 |
| Campo | Antes 1 mes | Non | 0 |
| Hora | Antes 1 mes | Si | 0 |
| Data | Antes 15 días | Si | 55,00 |
| Campo | Antes 15 días | Non | 55,00 |
| Hora | Antes 15 días | Si | 55,00 |
| Data | Antes 9 días | Si | 75,00 |
| Campo | Antes 9 días | Si | 75,00 |
| Hora | Antes 9 días | Si | 75,00 |

Excepcionalmente e por causas de forza maior, a xuízo fundamentado do Secretario Xeral da F.G.B., este poderá autorizar algunha solicitude fóra dos prazos sinalados, sendo requisito indispensable para a súa consideración recibir na F.G.B. o día da petición, a cota de 100,00 Euros e a conformidade do equipo contrario.

2.1.2.9. TERREO DE XOGO.

Cada club participante deberá contar cun terreo de xogo Oficial, cuberto e pechado, o cal non poderá variar en toda a Tempada, no que se celebrarán os seus encontros e que reúnan as condicións técnicas que establecen as Regras Oficiais de Xogo, non admitíndose en competicións aqueles equipos que na súa folla de inscrición non o fagan constar, debendo ó cumprimentala súa ficha autonómica do clubs especificar as características técnicas do mesmo.

O terreo de xogo será obrigatoriamente liso e non terá planos inclinados, que permita a práctica do baloncesto. O campo de xogo deberá contar obrigatoriamente con marcador electrónico visible, para ambos equipos e público, cronometraxe de vinte e catro segundos electrónico. En casos de forza maior de non contar con sistema de cronometraxe e marcador electrónico deberá telo manual, igualmente os clubs porán a disposición dos Oficiais de mesa cinco taboíñas numeradas do un ó cinco para as faltas persoais, así como dúas bandeiriñas vermellas para a sinalización do coubo das catro faltas, tanto orientados ós equipos como ó público e un dispositivo que marcará a alternancia na posesión de balón.

Cada equipo disporá a ambos lados da mesa de anotación a unha distancia mínima de cinco metros, e a dous metros da liña lateral do terreo de xogo, de forma simétrica, que sexan colocados dous bancos ou cadeiras en cantidade suficiente para cada un dos equipos, e banquiño. Ó propio tempo o club locatario disporá que pegada á mesa de anotación diante da mesma colóquese unha cadeira, para que o equipo que desexe efectuar cambio de xogadores o efectúe coa máxima rapidez.

Nos encontros que participen equipos que realicen desprazamentos e en caso de suspensión do mesmo por inclemencia atmosférica ou por calquera outra causa, deberá se celebra-lo mesmo, obrigatoriamente dentro das dúas horas seguintes á marcada para o comezo do mesmo. Así mesmo, se un clubs ofrece como cancha reserva unha cuberta e pechada e para casos de inclemencia atmosférica, deberá se celebra-lo partido dentro do prazo sinalado anteriormente. Se finalmente e por falta de previsión do equipo local tivese que se suspender definitivamente o encontro, o equipo local perderá o mesmo, sen lle descontar puntos na clasificación e sen que se considerase incomparecencia.

A F.G.B. recomenda a todos os clubs que sexan propietarios de terreos de xogo cubertos e pechados que, dentro das súas posibilidades, utilicen nos mesmos canastras de pé, así como ter repostos de tableiros para o caso de catcha accidental.

2.1.2.10. BALÓN OFICIAL DE XOGO.

O balón oficial de xogo para esta categoría será de coiro da marca Bádén, modelo BX471 de dúas cores. A non utilización do balón oficial levará consigo a sanción prevista nas normas xerais, no apartado 1.12.

2.1.2.11. OBRIGAS ESPECÍFICAS.

COMUNICACIÓN DE RESULTADOS

O árbitro principal e o club local están obrigados a comunica-lo resultado o mesmo día do encontro á Federación Galega de Baloncesto, por sms ó teléfono 686936427 ou ben por e-mail a prensa@fegaba.com

DVD DOS ENCONTROS

O Comité de Árbitros da F.G.B. solicitará cun mínimo de 10 días de antelación á celebración do encontro, a copia da gravación do partido en DVD, ata un máximo de DÚAS gravacións por Tempada.

Esta filmación deberá incorporar integramente as imaxes e son do encontro, dende a chegada dos árbitros ó terreo de xogo (20 minutos antes do inicio do encontro) ata a retirada dos equipos e árbitros ós vestiarios, ó final do mesmo.

As imaxes e son do DVD deberán te-la calidade suficiente para un correcto visionado do mesmo.

Será remitido ó CGAB, Estadio S. Lázaro Porta 14 Santiago, no transcurso dos 8 días seguintes ó encontro.

Non enviar a gravación nas condicións indicadas neste artigo, suporá unha sanción por parte do Comité Disciplinario.

2.1.2.12.RECOMENDACIÓNS.

Recoméndase a todos os clubs que fagan constar ao dorso da camiseta de cada xogador o seu nome en caracteres de cinco centímetros.

2.1.3. CAMPIONATO ZONAL SÉNIOR MASCULINO.

Cada Delegación Zonal organizará o Campionato Zonal de Categoría Sénior Masculino.

Lémbrese que cando unha Competición Zonal non reúna un mínimo de 6 equipos para desenrola-la mesma, deberá la levar a cabo xuntamente con outra Delegación limítrofe co fin de permitir un desenvolvemento normal dunha Competición. Os equipos das zonas afectadas por esta decisión, deberán de acata-la decisión que sobre o particular determine o Comité de Actividades da F.G.B.

A Delegación (ou Delegacións Zonais, se participasen máis dunha) elaborarán as Bases Específicas desta Competición, e remitiran as á FGB antes do 31 de Decembro, tendo en conta as premisas seguintes:

2.1.3.1.EQUIPOS PARTICIPANTES.

Poderán participalos equipos de categoría sénior masculina da Delegación Zonal que se inscriban especificamente no Campionato Zonal Sénior Masculino nos prazos previstos nestas Bases de Competición.

2.1.3.2.DATA DE INSCRICIÓN DE EQUIPOS.

Data tope de inscrición: 30 de Setembro 2008

2.1.3.3. XOGADORES.

A data limite para dar de alta a xogadores nesta categoría será a do 27 Marzo do 2008.

2.1.3.4. ARBITRAXES.

Os arbitrxes serán zonais.

2.1.3.5. FORMA DE XOGO.

O sistema de competición será o establecido nas Bases de Competición Zonais.

O sistema de Competición empregado, deberá de contemplar que como mínimo calquera equipo xogue ó menos 12 partidos cada Tempada.

Antes do 13 de Abril, cada Delegación enviará á F.G.B. a Clasificación Final desta Competición, que servirá para confecciona-los equipos que terán dereito a participar na Copa FGB Sénior Masculina nesta mesma Tempada.

2.1.3.6. BALÓN OFICIAL DE XOGO.

O balón oficial de xogo para esta categoría será de coiro da marca Bádén, modelo BX471 de dúas cores. A non utilización do balón oficial levará consigo a sanción prevista nas normas xerais, no apartado 1.12.

2.1.4. COPA FGB SÉNIOR MASCULINA

2.1.4.1. EQUIPOS PARTICIPANTES.

Poderán participa-los seguintes equipos de categoría sénior masculina: Equipo Campión do Campionato Zonal de cada Delegación.

Outro equipo máis da Delegación á que pertence o equipo Campión da Copa FGB Sénior Masculina da Tempada anterior.

Se algunha Delegación xogase conxuntamente con outra o Campionato Zonal por non dispor de equipos necesarios, as súas prazas dispoñibles para a Copa FGB serán a suma das que lle correspondía a cada Delegación.

En casos moi específicos, como a non participación de ningún equipo dunha Delegación, ou a división de equipos dunha Delegación en dúas Delegacións distintas por motivos de mellor funcionamento, será potestade do Comité de Actividades da F.G.B. o designar a quen se lle outorgarían as prazas que lle corresponden para a Copa FGB.

2.1.4.2. DATA DE INSCRICIÓN DE EQUIPOS.

A Copa FGB considerarase unha fase final da Competición Zonal, polo que os equipos clasificados para a mesma consideraranse inscritos automaticamente. Os equipos clasificados poderán renunciar a participar na mesma, mediante escrito enviado á F.G.B. ata o día anterior ó sorteo da mesma.

2.1.4.3. XOGADORES.

Non se poderán dar de alta a novos xogadores especificamente para esta competición.

2.1.4.4. ARBITRAXES.

Os arbitraxes serán NON LOCAIS, fixándose unha tarifa total de 200 euros que se aboará previamente polos equipos locatarios na conta do C.G.A.B.

2.1.4.5. FORMA DE XOGO.

O sistema de competición é o de Copa, é dicir eliminatorias a dobre partido (ida e volta).

Dirixirase o sorteo para que no primeiro enfrontamento non xoguen entre si equipos da mesma Delegación Zonal.

2.1.4.5.1. ASCENSOS E DESCENSOS.

Ascenderán a liga FGB Sénior masculina, os equipos clasificados no 1er. e 2º posto da clasificación final.

2.1.4.6. DATAS DE XOGO.

Fins de semana correspondentes ás seguintes datas:

Abril: 26

Maio: 3, 10, 17, 24, 31.

2.1.4.7. DATAS DE SORTEO.

Día 13 de Abril de 2009 ás 17,30 horas.

2.1.4.8. HORARIO DE XOGO.

Banda horaria de inicio de encontros:

Sábado, de 16,30 a 20,30 horas e Domingo, de 10,30 a 12,30 horas. En ningún caso se poderá fixar como horario de xogo as 11.00 h. se o equipo que se despraza faio dende máis de 100 km. por traxecto.

Modificacións de data, campo ou horario:

| Obxecto | Modificación | Prazo Recepción | Conformidade | Cota |
|---------|--------------|-----------------|--------------|-------|
| Data | | Antes 1 mes | Si | 0 |
| Campo | | Antes 1 mes | Non | 0 |
| Hora | | Antes 1 mes | Si | 0 |
| Data | | Antes 15 días | Si | 55,00 |
| Campo | | Antes 15 días | Non | 55,00 |
| Hora | | Antes 15 días | Si | 55,00 |
| Data | | Antes 9 días | Si | 75,00 |
| Campo | | Antes 9 días | Si | 75,00 |
| Hora | | Antes 9 días | Si | 75,00 |

Excepcionalmente e por causas de forza maior, a xuízo fundamentado do Secretario Xeral da F.G.B., este poderá autorizar algunha solicitude fóra dos prazos sinalados, sendo requisito indispensable para a súa consideración recibir

na F.G.B. o día da petición, a cota de 100,00 Euros e a conformidade do equipo contrario.

2.1.4.9. TERREO DE XOGO.

Cada club participante deberá contar cun terreo de xogo Oficial, cuberto e pechado, o cal non poderá variar en toda a Tempada, no que se celebrarán os seus encontros e que reúnan as condicións técnicas que establecen as Regras Oficiais de Xogo, non admitíndose en competicións aqueles equipos que na súa folla de inscrición non o fagan constar, debendo ó cumprimentala súa ficha autonómica do club especifica-las características técnicas do mesmo.

O terreo de xogo será obrigatoriamente liso e non terá planos inclinados, que permita a práctica do baloncesto. O campo de xogo deberá contar obrigatoriamente con marcador electrónico visible, para ambos equipos e público, cronometraxe de vinte e catro segundos electrónico. En casos de forza maior de non contar con sistema de cronometraxe e marcador electrónico deberá telo manual, igualmente os clubs porán a disposición dos Oficiais de mesa cinco taboíñas numeradas do un ó cinco para as faltas persoais, así como dúas bandeiriñas vermellas para a sinalización do coubo das catro faltas, tanto orientados ós equipos como ó público e un dispositivo que marcará a alternancia na posesión de balón.

Cada equipo disporá a ambos lados da mesa de anotación a unha distancia mínima de cinco metros, e a dous metros da liña lateral do terreo de xogo, de forma simétrica, que sexan colocados dous bancos ou cadeiras en cantidade suficiente para cada un dos equipos, e banquiño. Ó propio tempo o club locatario disporá que pegada á mesa de anotación diante da mesma colóquese unha cadeira, para que o equipo que desexe efectuar cambio de xogadores o efectúe coa máxima rapidez.

Nos encontros que participen equipos que realicen desprazamentos e en caso de suspensión do mesmo por inclemencia atmosférica ou por calquera outra causa, deberá se celebra-lo mesmo, obrigatoriamente dentro das dúas horas seguintes á marcada para o comezo do mesmo. Así mesmo, se un club ofrece como cancha reserva unha cuberta e pechada e para casos de inclemencia atmosférica, deberá se celebra-lo partido dentro do prazo sinalado anteriormente. Se finalmente e por falta de previsión do equipo local tivese que se suspender definitivamente o encontro, o equipo local perderá o mesmo, sen lle descontar puntos na clasificación e sen que se considerase incomparecencia.

A F.G.B. recomenda a todos os clubs que sexan propietarios de terreos de xogo cubertos e pechados que, dentro das súas posibilidades, utilicen nos mesmos canastras de pé, así como ter repostos de tableiros para o caso de cache accidental.

2.1.4.10. BALÓN OFICIAL DE XOGO.

O balón oficial de xogo para esta categoría será de coiro da marca Báden, modelo BX471 de dúas cores. A non utilización do balón oficial levará consigo a sanción prevista nas normas xerais, no apartado 1.12.

2.1.4.11. OBRIGAS ESPECÍFICAS.

COMUNICACIÓN DE RESULTADOS

O árbitro principal e o club local están obrigados a comunica-lo resultado o mesmo día do encontro á Federación Galega de Baloncesto, por sms ó teléfono 686936427 ou ben por e-mail a prensa@fegaba.com

2.1.5 CAMPIONATO DE PRIMEIRA DIVISIÓN FEMININA «GRUPO A».

As presentes Bases de Competición serán as que rexerán o desenvolvemento, funcionamento e organización do Grupo A do Campionato de España de 1ª División Feminina aplicándose para o non previsto nestas, nos Estatutos e Regulamento Xeral e de Competicións da F.E.B.

2.1.5.1. INSCRICIÓN DE EQUIPOS

Data tope de inscrición: 04 de xullo de 2008

2.1.5.2. DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA A INSCRICIÓN

2.1.5.2.1. AVAL

O aval que deberán deposita-los Clubs queda establecido en 1.950 Euros.

O Aval Bancario ou de Caixa de Aforros, nos casos en que debese ser presentado, realizarase segundo modelo oficial de cada Federación e co mesmo texto establecido, e poderá ser substituído por depósito mediante transferencia bancaria exclusivamente en Euros na conta corrente da Federación Autónoma correspondente, con anterioridade á realización da inscrición.

O aval ou no seu caso o efectivo, será devolvido ós Clubs entre o 1 e o 15 de xuño de 2009, sempre que finalicen a Competición, non existan reclamacións pendentes ou expedientes en tramitación nos Comités Xurisdicionais e cúmpranse os seguintes requisitos:

O Club finaliza a Competición, sen se retirar, ou ser retirado pola Federación Autónoma correspondente.

Estar ó corrente nas súas obrigas de pago coa súa Federación Autónoma e fronte a terceiros por Fallos emitidos polos Comités Xurisdicionais.

Que non se produza ningún migado a Xogadoras ou Técnicos.

O importe do Aval, no suposto que se execute, o orde de preferencia será:

- Primeiro: Federacións Autónomas.
- Segundo: Débedas pendentes por arbitaxes.

- Terceiro: Débedas pendentes do Club con xogadoras nas condicións que se establecen as Normas de Competición.
- Cuarto: Débedas pendentes con Adestradores.
- Quinto: Débedas pendentes do Club co resto de Técnicos, non recollidos no Apartado Quinto que teñan licenza co Club.
- Sexto: Débedas pendentes do Club con outros Clubs.

A retirada da Competición levará consigo a perda do total do Aval ou do efectivo depositado, sen prexuízo do que determine o Comité Territorial de Competición. A execución do Aval, de ser necesaria, poderase efectuar no transcurso da propia competición, de acordo coas obrigas que os Equipos acumulasen no transcurso da mesma.

En caso de ter que se proceder á execución do Aval ó longo da Competición, o Club afectado deberá depositar no transcurso dos tres días hábiles seguintes á data de execución, un novo Aval polo mesmo importe establecido (se a execución do Aval foino polo total do seu importe), ou ben completar na contía executada de dito Aval (co fin de seguir dispoñendo da totalidade do mesmo). Dita obriga de Aval poderá ser substituída por depósito en efectivo, nos mesmos termos establecidos para o Aval. De non se cumprir-lo anterior no prazo indicado, o Equipo do Club en cuestión poderá ser descalificado da Competición, séndolle de aplicación en tal caso o disposto no Regulamento Disciplinario vixente.

2.1.5.2.2. OUTRA DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Os Clubs que non o realicen, deberán depositar na súa Federación unha copia dos seus Estatutos debidamente aprobados pola súa Comunidade ou polo Consello Superior de Deportes.

No momento da súa inscrición, os Clubs deberán presentar na súa Federación Autonómica, entre outros documentos, follas de inscrición dos equipos indicados, así como a ficha de Club.

Todos os equipos deberán contar obrigatoriamente con Fax e conta de correo electrónico, cuxo número e descrición deberá ser facilitada ós seus correspondentes Federacións Autonómicas, na folla de inscrición.

As inscricións de cada Equipo tramitadas regulamentariamente e sen supera-las datas límite establecidas serán presentadas coa totalidade da documentación.

A non presentación en tempo e forma de toda a documentación esixida significa renuncia a súa participación.

Non se aceptará a inscrición daqueles equipos que non liquiden as débedas de Tempadas anteriores.

Unha vez efectuada a inscrición dos Equipos, se estes non cumpren as condicións establecidas ou renuncian á súa participación, perderán o Aval.

2.1.5.3. DESENVOLVEMENTO DA COMPETICIÓN

2.1.5.3.1. COMPOSICIÓN

A presente Tempada as Federacións Autonómicas de Cantabria, Castela e León, Galicia e Principado de Asturias organizarán o XXIII Campionato de España de Primeira División Feminina, correspondente ó Grupo A, onde se agrupan os equipos das citadas Federacións.

GRUPO A: Equipos das Comunidades de CANTABRIA,
CASTELA E LEÓN, GALICIA E PRINCIPADO DE ASTURIAS.

2.1.5.3.2. PARTICIPACIÓN

Terán dereito a participar neste Campionato:

- Os Equipos descendidos a liga Feminina-2.
- Os Equipos participantes na Tempada anterior nesta Competición e que manteñen a categoría.
- O Equipo ascendido. En caso de existir vacantes estas cubriríanse da seguinte forma:

1. Finalista da Fase de Ascenso
2. Descendido no lugar nº 12 ou 13
3. Terceiro da Fase de Ascenso
4. Descendido no lugar nº 13 ou 14
5. Seguintes por orde da Fase de Ascenso

2.1.5.3.3. FORMA DE XOGO Primeira Fase - Liga Regular

Na primeira Fase xógase por sistema de liga a dobre volta, todos contra todos. (26 xornadas)

Fase Final

Clasificaranse para disputala Fase Final do Campionato de España de 1ª División Feminina os dous primeiros clasificados da Fase Interautonómica.

2.1.5.3.4. ASCENSOS E DESCENSOS

Ascenderá a Liga Feminina de Baloncesto - 2 o primeiro equipo clasificado da Fase Final (Grupo 1 de Ascenso).

Descenderán á Competición de 1ª División Feminina Autonómica os dous últimos equipos clasificados nos postos 13º e 14º da Fase Interautonómica (Liga Regular), así como o clasificado en 12º lugar se descendese un equipo da LFB'2 deste Grupo, e así sucesivamente se os descendidos fosen dous ou máis.

2.1.5.3.5. DATAS

PRIMEIRA FASE (LIGA REGULAR)

Primeira Volta

| | | | |
|----------|----------------|----------|----------------|
| Outubro | 5, 12, 19, 26. | Novembro | 9, 16, 23, 30. |
| Decembro | 14, 21 | Xaneiro | 11, 18, 25. |

Segunda Volta

| | | | |
|----------|---------------|-------|-------------------|
| Febreiro | 1, 8, 15, 22. | Marzo | 1, 8, 15, 22, 29. |
| Abril | 5, 19, 26. | Maio | 10 |

Fase Final (Fase de Ascenso a Liga Feminina-2)

As datas da Fase Final serán as que designe a FEB.

2.1.5.3.6. BALON DE XOGO

Marca Bádén Modelo BX465, a dúas cores.

O balón oficial de xogo é obrigatorio presentalo para a súa utilización tanto no quecemento anterior ó encontro (como mínimo 4 balóns para o equipo visitante e un para o árbitro) como nos descansos.

2.1.5.3.7. HORARIO DOS ENCONTROS

A todos os efectos considerárase a data sinalada no calendario como a oficial da competición. Se dita data é domingo poderán fixa-lo inicio dos seus partidos en cancha propia entre as 16:15 e as 20:30 horas do sábado anterior, e entre as 10:30 e as 12:30 horas e entre as 16:15 e as 18:30 horas do propio domingo.

Nas dúas últimas xornadas da Fase Interautonómica, todos os encontros xogaranse ás 12:00 horas do domingo ou ás 19:30 horas do sábado, dependendo da maioría dos Equipos que disputen os seus encontros en Domingo ou en Sábado.

Se algún encontro destas últimas xornadas non afecta ás clasificacións, a petición dos dous equipos e con 14 días de antelación á xornada, poderá se establecer outro horario.

| Obxecto Modificación | Prazo Recepción | Conformidade | Cota |
|----------------------|-----------------|--------------|-------|
| Data | Antes 21 mes | Si | 36,00 |
| Campo | Antes 21 mes | Si | 36,00 |
| Hora | Antes 21 mes | Si | 36,00 |
| Data | Antes 15 días | Si | 59,00 |
| Campo | Antes 15 días | Si | 59,00 |
| Hora | Antes 15 días | Si | 59,00 |
| Data | Antes 9 días | Si | 82,00 |
| Campo | Antes 9 días | Si | 82,00 |
| Hora | Antes 9 días | Si | 82,00 |

2.1.5.3.8. PRAZOS DE INSCRICIÓNS

O venres da semana anterior ó inicio da competición os Clubs deberán ter presentada ante a Federación correspondente a documentación necesaria, ó menos oito xogadoras, un adestrador e un delegado de campo.

Dita documentación comprenderá o tríptico, fotocopia do D.N.I. ou, no seu caso pasaporte, de cada persoa que figure no tríptico, así como dúas fotografías, e os correspondentes contratos cando corresponda. Para as

xogadoras non comunitarias deberá se presentar ademais a documentación prevista no apartado xogadoras. As xogadoras comunitarias deberán presentar tamén a carta de baixa, salvo que concorran as excepcións previstas nas Normas de cada Federación.

A tramitación de inscricións iniciadas as competicións poderá se efectuar ata as 19:00 horas do día anterior á data fixada para o encontro de Liga Regular e se este se celebra en domingo ata as 19:00 horas do venres.

Para todas aquelas xogadoras que precisen tránsfer, estarase ó disposto nos prazos que marque a Regulamentación FIBA.

Para o resto das inscricións de xogadoras o período de tramitación finalízase segundo o indicado na normativa xeral.

Cando algún destes prazos finalice en día festivo, este trasladarase ó día hábil anterior.

2.1.5.3.9. XOGADORAS

Para que un xogador poida subscribir licenza deberá reunilos requisitos seguintes:

A) Ser español ou posuíla nacionalidade dalgún dos estados membros da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo. Así mesmo, tamén poderán subscribir licenza os inmigrantes residentes legalmente en España, en tanto continúen en dita situación.

B) Non ter compromiso vixente con ningún outro club ou Federación

A data tope para presenta-lo tríptico finalízase ás 18:00 horas do venres da semana anterior ó inicio da competición.

Para a inscrición de xogadoras comunitarias que non o fosen de orixe, será necesario aportar ademais de pasaporte en vigor un certificado emitido polo consulado ou embaixada en que se acredite a legalidade do pasaporte. Para a contribución deste documento poderase conceder un prazo extraordinario de 30 días.

Si se demostrase falsidade dalgún documento unha vez emitida a inscrición, ou ben, gozando a xogadora dunha autorización por tramitación, aquela quedase anulada e esixíranse as responsabilidade que procedan de acordo cos Regulamentos Disciplinario que se engade o convenio.

A data tope para dilixenciar licencias de xogadoras comunitarias será o 27 de Febreiro do 2009.

2.1.5.3.10. ADESTRADORES

Para poder inscribir un Adestrador nesta competición, deberá estar en posesión do Título Superior, salvo as excepcións previstas no Regulamento Xeral, da Federación que emite a licenza.

2.1.5.3.11. ARBITRAXES

Na Fase Interautonómica serán da Autonomía do Equipo Local, o Árbitro principal será das listas de 1ª División Masculina ou superior, debendo ser designados pola Federación Autonómica correspondente.

Na Fase Final (Fase de Ascenso A liga Feminina-2) os gastos de arbitrase serán por conta do organizador ou en caso de non existir organizador serán rateados entre os equipos participantes.

Se houberen gastos de desprazamento, aloxamento e manutención na Fase Interautonómica serán fixados pola Federación Autonómica correspondente á lexislación vixente.

Cando un Club solicite arbitrase non local, delegado federativo ou comisario de mesa, deberá remiti-la cantidade de 485,00 € a conta dos gastos de desprazamento e manutención no tempo, forma e prazo indicados no Art. 154 do Regulamento Xeral e de Competicións.

2.1.5.3.12. COMUNICACIÓN DE RESULTADOS

Os Clubs locais deberán facilitar á súa Federación Autonómica o resultado, a través do servizo de recollida de resultados habilitado por cada Federación.

A infracción a esta disposición será sancionada polo Comité Territorial de Competición con 12,00 €. No caso de que un mesmo equipo sexa reiterativo esta sanción verase incrementada un 10%, 20% e así sucesivamente.

O Arbitro Principal vén igualmente obrigado a poñer en coñecemento da Federación Galega de Baloncestos o resultado do encontro, ó ser esta a encargada de xera-la clasificación. Para elo utilizará o sistema de comunicación de resultados vía SMS o número 686936427 ou ben por mail a seguinte dirección prensa@fegaba.com.

Si se produciron incidentes o Arbitro Principal queda obrigado a remitir á Federación Galega de Baloncesto o acta do encontro á finalización do mesmo.

Para o non previsto nestas normas estarase ó disposto nos Estatutos e Regulamentos da F.E.B.

2.1.6. LIGA FGB SÉNIOR FEMININA.

2.1.6.1. EQUIPOS PARTICIPANTES.

Este grupo estará formado por 14 equipos da Comunidade Autónoma Galega e que serán os seguintes:

- Equipos descendidos da Primeira División Feminina da Tempada anterior.
- Equipos que manteñen a categoría.
- Equipos ascendidos a esta categoría provenientes da Copa FGB Sénior Feminina da Tempada anterior de acordo ás súas bases de competición.

2.1.6.2. DATA DE INSCRICIÓN DE EQUIPOS.

Data tope de inscrición: 31 de Xullo de 2008

2.1.6.3. XOGADORES.

A data limite para dar de alta a xogadores nesta categoría será a do 27 Febreiro do 2009.

2.1.6.4. ARBITRAXES.

Os arbitrxes serán ZONAIS.

2.1.6.5. FORMA DE XOGO.

A competición desenrolarase por sistema de liga (ida e volta) entre os 16 equipos participantes (30 xornadas).

Ó remata-la Competición elaborárase unha clasificación final que servirá tanto para determina-los equipos que ascenderán como os equipos que perderán a categoría.

2.1.6.5.1. ASCENSOS E DESCENSOS.

Participarán na Fase Interautonómica de ascenso a Primeira División Feminina Grupo A, os equipos clasificados no 1.º e 2.º posto da clasificación final.

Descenderán a liga FGB Interzonal Sénior Feminina os equipos clasificados nos postos 11º, 12º, 13º e 14º, así como o equipo clasificado en 10º lugar, se descendese un equipo máis dos dous estipulados de 1ª División feminina e así sucesivamente, se os descendidos fosen 2 ou máis.

Se unha vez comezada a competición retirásese algún equipo ou fóra descalificado pola F.G.B., cubrirá unha das prazas de descenso.

2.1.6.6. DATAS DE XOGO.

Fins de semana correspondentes ás seguintes datas:

| | | | |
|----------|---------------|----------|---------------|
| Setembro | 28 | Outubro | 5, 12, 19, 26 |
| Novembro | 9, 16, 23, 30 | Decembro | 14, 21 |
| Xaneiro | 11, 18, 25 | Febreiro | 1, 8, 15, 22 |
| Marzo | 8, 15, 22, 29 | Abril | 5, 19, 26 |
| Maió | 3 | | |

2.1.6.7. DATAS DE SORTEOS.

Sorteo Liga: 20 de Agosto de 2008 ás 17,30 horas na FGB.

2.1.6.8. HORARIO DE XOGO.

Banda horaria de inicio de encontros:

Sábado, de 16,30 a 20,30 horas e Domingo, de 10,30 a 12,30 horas, e de 16,30 a 18,30 h. En ningún caso se poderá fixar como horario de xogo as 11.00 h. se o equipo que se despraza faino dende máis de 100 km. por traxecto.

Modificacións de data, campo ou horario:

| Obxecto | Modificación | Prazo Recepción | Conformidade | Cota |
|---------|--------------|-----------------|--------------|-------|
| Data | | Antes 1 mes | Si | 0 |
| Campo | | Antes 1 mes | Non | 0 |
| Hora | | Antes 1 mes | Si | 0 |
| Data | | Antes 15 días | Si | 55,00 |
| Campo | | Antes 15 días | Non | 55,00 |
| Hora | | Antes 15 días | Si | 55,00 |
| Data | | Antes 9 días | Si | 75,00 |
| Campo | | Antes 9 días | Si | 75,00 |
| Hora | | Antes 9 días | Si | 75,00 |

Excepcionalmente e por causas de forza maior, a xuízo fundamentado do Secretario Xeral da F.G.B., este poderá autorizar algunha solicitude fóra dos prazos sinalados, sendo requisito indispensable para a súa consideración recibir na F.G.B. o día da petición, a cota de 100,00 Euros e a conformidade do equipo contrario.

2.1.6.9. TERREO DE XOGO.

Cada club participante deberá contar cun terreo de xogo Oficial, cuberto e pechado, o cal non poderá variar en toda a Tempada, no que se celebrarán os seus encontros e que reúnan as condicións técnicas que establecen as Regras Oficiais de Xogo, non admitíndose en competicións aqueles equipos que na súa folla de inscrición non o fagan constar, debendo ó cumprimentala súa ficha autonómica do club especifica-las características técnicas do mesmo.

O terreo de xogo será obrigatoriamente liso e non terá planos inclinados, que permita a práctica do baloncesto. O campo de xogo deberá contar obrigatoriamente con marcador electrónico visible, para ambos equipos e público, cronometraxe de vinte e catro segundos electrónico. En casos de forza maior de non contar con sistema de cronometraxe e marcador electrónico deberá telo manual, igualmente os clubs porán a disposición dos Oficiais de mesa cinco taboíñas numeradas do un ó cinco para as faltas persoais, así como dúas bandeiriñas vermellas para a sinalización do coubo das catro faltas, tanto orientados ós equipos como ó público e un dispositivo que marcará a alternancia na posesión de balón.

Cada equipo disporá a ambos lados da mesa de anotación a unha distancia mínima de cinco metros, e a dous metros da liña lateral do terreo de xogo, de forma simétrica, que sexan colocados dous bancos ou cadeiras en cantidade suficiente para cada un dos equipos, e banquiño. Ó propio tempo o club locatario disporá que pegada á mesa de anotación diante da mesma colóquese unha cadeira, para que o equipo que desexe efectuar cambio de xogadores o efectúe coa máxima rapidez.

Nos encontros que participen equipos que realicen desprazamentos e en caso de suspensión do mesmo por inclemencia atmosférica ou por calquera outra causa, deberá se celebra-lo mesmo, obrigatoriamente dentro das dúas horas seguintes á marcada para o comezo do mesmo. Así mesmo se un club ofrece como cancha reserva unha cuberta e pechada e para casos de inclemencia atmosférica, deberá se celebra-lo partido dentro do prazo sinalado anteriormente. Se finalmente e por falta de previsión do equipo local tivese que se suspender definitivamente o encontro, o equipo local perderá o mesmo, sen lle descontar puntos na clasificación e sen que se considerase incomparecencia.

A F.G.B. recomenda a todos os clubs que sexan propietarios de terreos de xogo cubertos e pechados que, dentro das súas posibilidades, utilicen nos

mesmos canastras de pé, así como ter repostos de taboleiros para o caso de cache accidental.

2.1.6.10. BALÓN OFICIAL DE XOGO.

O balón oficial de xogo para esta categoría será de coiro da marca Bádén, modelo BX465 de dúas cores. A non utilización do balón oficial levará consigo a sanción prevista nas normas xerais, no apartado 1.12.

2.1.6.11. OBRIGAS ESPECÍFICAS.

COMUNICACIÓN DE RESULTADOS

O árbitro principal e o club local están obrigados a comunicalo resultado o mesmo día do encontro á Federación Galega de Baloncesto, por sms ó teléfono 686936427 ou ben por e-mail a prensa@fegaba.com

2.1.6.12. RECOMENDACIÓNS.

Recoméndase a todos os clubs que fagan constar ó dorso da camiseta de cada xogador o seu nome en caracteres de cinco centímetros.

FASE INTERAUTONÓMICA DE ASCENSO A 1ª DIVISIÓN FEMININA.

Na Fase Interautonómica formaranse os seguintes grupos:

GRUPO A-1

GRUPO A-2

1 Campión de Galicia

1 Campión de Castela - León

2 Campión de Asturias

2 Campión de Cantabria

3 Subcampión de Castela - León

3 Subcampión de Galicia

As datas serán do 14 ó 17 de Maio de 2009.

ASCENSOS E DESCENSOS.

Garánteselle praza de ascenso ó Campión da Fase de Ascenso. Se houberse algunha vacante máis o orde de prioridade para ocupar estas prazas será:

1. Segundo clasificado da Fase Interautonómica

2. Descendido no posto 1 de 1ª Div. Feminina.

3. Terceiro clasificado da Fase Interautonómica

4. Descendido no posto 14º de 1ª Div. Feminina

E así sucesivamente.

A fase Interautonómica será organizada pola Federación Galega, no 2008-2009 pola Federación de Castela.-León no 2009-2010 e pola Federación do Principado de Asturias na 2010-11, e pola Federación Cántabra no 2011-12

2.1.7. CAMPIONATO INTERZONAL SÉNIOR FEMININO.

Cada Delegación Zonal organizará Liga FGB Interzonal de Categoría Sénior Feminina.

Lémbrese que cando unha competición zonal non reúna un mínimo de 6 equipos para desenrolar a mesma, deberá levala a cabo xuntamente con outra Delegación limítrofe co fin de permitir un desenvolvemento normal dunha Competición. Os equipos das zonas afectadas por esta decisión, deberán de acata-la decisión que sobre o particular determine o Comité de Actividades da F.G.B.

A Delegación (ou Delegacións Zonais, se participasen máis dunha) elaborarán as Bases Específicas desta Competición, e remitiranas á FGB antes do 31 de Decembro, tendo en conta as premisas seguintes:

2.1.7.1. EQUIPOS PARTICIPANTES.

Poderán participa-los equipos de categoría sénior feminina da Delegación Zonal que se inscriban especificamente a liga FGB Interzonal Sénior Feminina nos prazos previstos nestas Bases de Competición.

2.1.7.2. DATA DE INSCRICIÓN DE EQUIPOS.

Data tope de inscrición: 30 de Setembro 2008.

2.1.7.3. XOGADORES.

A data limite para dar de alta a xogadores nesta categoría será a do 27 Marzo do 2009.

2.1.7.4. ARBITRAXES.

As arbitaxes serán zonais.

2.1.7.5. FORMA DE XOGO.

O sistema de competición será o establecido nas Bases de Competición Zonais.

O sistema de Competición empregado, deberá de contemplar que como mínimo calquera equipo xogue ó menos 12 partidos cada Tempada.

Antes do 13 de Abril, cada Delegación enviará á F.G.B. a Clasificación Final desta Competición, que servirá para confecciona-los equipos que terán dereito a participar na Copa FGB Sénior Feminina nesta mesma Tempada.

2.1.7.6. BALÓN OFICIAL DE XOGO.

O balón oficial de xogo para esta categoría será de coiro da marca Bäden, modelo BX465 de dúas cores. A non utilización do balón oficial levará consigo a sanción prevista nas normas xerais, no apartado 1.12.

2.1.8. COPA FGB SÉNIOR FEMININA.

2.1.8.1. EQUIPOS PARTICIPANTES.

Poderán participa-los seguintes equipos de categoría sénior feminina: Equipo Campión da liga FGB Interzonal de cada Delegación.

Outro equipo máis da Delegación á que pertence o equipo Campión da Copa FGB Sénior Feminina da Tempada anterior.

Se algunha Delegación xogase conxuntamente con outra o Campionato Zonal por non dispor de equipos necesarios, as súas prazas dispoñibles para a Copa FGB serán a suma das que lle correspondía a cada Delegación.

En casos moi específicos, como a non participación de ningún equipo dunha Delegación, ou a división de equipos dunha Delegación en dúas Delegacións distintas por motivos de mellor funcionamento, será potestade do Comité de Actividades da F.G.B., o designar a quen se lle outorgarían as prazas que lle corresponden para a Copa FGB.

2.1.8.2. DATA DE INSCRIPCIÓN DE EQUIPOS.

A Copa FGB considerarase unha fase final da Competición Zonal, polo que os equipos clasificados para a mesma consideraranse inscritos automaticamente. Os equipos clasificados poderán renunciar a participar na mesma, mediante escrito enviado á F.G.B. ata o día anterior ó sorteo da mesma.

2.1.8.3. XOGADORES.

Non se poderán dar de alta a novos xogadores especificamente para esta competición.

2.1.8.4. ARBITRAXES.

As arbitraxes serán zonais.

Se un equipo desexa árbitros non zonais deberá lo solicita en tempo e forma segundo o Regulamento Xeral de Competicións.

2.1.8.5. FORMA DE XOGO.

O sistema de competición é o de Copa, é dicir eliminatorias a dobre partido (ida e volta).

Dirixirase o sorteo para que no primeiro enfrontamento non xoguen entre si equipos da mesma Delegación Zonal.

2.1.8.5.1. ASCENSOS E DESCENSOS.

Ascenderán A liga FGB Sénior feminina, os equipos clasificados no 1er. e 2º posto da clasificación final.

2.1.8.6. DATAS DE XOGO.

Abril: 26 Maio: 3, 10, 17, 24, 31.

2.1.8.7. DATAS DE SORTEO.

Día 13 de Abril de 2009 ás 17,45 horas.

2.1.8.8. HORARIO DE XOGO.

Banda horaria de inicio de encontros:

Sábado, de 16,30 a 21,00 horas e Domingo, de 11,00 a 12,30 horas.

Modificacións de data, campo ou horario:

| Obxecto | Modificación | Prazo Recepción | Conformidade | Cota |
|---------|--------------|-----------------|--------------|-------|
| Data | | Antes 1 mes | Si | 0 |
| Campo | | Antes 1 mes | Non | 0 |
| Hora | | Antes 1 mes | Si | 0 |
| Data | | Antes 15 días | Si | 55,00 |
| Campo | | Antes 15 días | Non | 55,00 |
| Hora | | Antes 15 días | Si | 55,00 |
| Data | | Antes 9 días | Si | 75,00 |
| Campo | | Antes 9 días | Si | 75,00 |
| Hora | | Antes 9 días | Si | 75,00 |

Excepcionalmente e por causas de forza maior, a xuízo fundamentado do Secretario Xeral da F.G.B., este poderá autorizar algunha solicitude fóra dos prazos sinalados, sendo requisito indispensable para a súa consideración recibir na F.G.B. o día da petición, a cota de 100,00 Euros e a conformidade do equipo contrario.

2.1.8.9. TERREO DE XOGO.

Cada club participante deberá contar cun terreo de xogo Oficial, cuberto e pechado, o cal non poderá variar en toda a Tempada, no que se celebrarán os seus encontros e que reúnan as condicións técnicas que establecen as Regras Oficiais de Xogo, non admitíndose en competicións aqueles equipos que na súa folla de inscrición non o fagan constar, debendo ó cumprimentala súa ficha autonómica do club especifica-las características técnicas do mesmo.

O terreo de xogo será obrigatoriamente liso e non terá planos inclinados, que permita a práctica do baloncesto. O campo de xogo deberá contar obrigatoriamente con marcador electrónico visible, para ambos equipos e público, cronometraxe de vinte e catro segundos electrónico. En casos de forza maior de non contar con sistema de cronometraxe e marcador electrónico deberá telo manual, igualmente os clubs porán a disposición dos Oficiais de mesa cinco taboíñas numeradas do un ó cinco para as faltas persoais, así como dúas bandeiriñas vermellas para a sinalización do coubo das catro faltas, tanto orientados ós equipos como ó público e un dispositivo que marcará a alternancia na posesión de balón.

Cada equipo disporá a ambos lados da mesa de anotación a unha distancia mínima de cinco metros, e a dous metros da liña lateral do terreo de xogo, de forma simétrica, que sexan colocados dous bancos ou cadeiras en cantidade suficiente para cada un dos equipos, e banquiño. Ó propio tempo o club locatario disporá que pegada á mesa de anotación diante da mesma colóquese unha cadeira, para que o equipo que desexe efectuar cambio de xogadores o efectúe coa máxima rapidez.

Nos encontros que participen equipos que realicen desprazamentos e en caso de suspensión do mesmo por inclemencia atmosférica ou por calquera outra causa, deberá se celebra-lo mesmo, obrigatoriamente dentro das dúas horas seguintes á marcada para o comezo do mesmo. Así mesmo se un club ofrece como cancha reserva unha cuberta e pechada e para casos de inclemencia atmosférica, deberá se celebra-lo partido dentro do prazo sinalado anteriormente. Se finalmente e por falta de previsión do equipo local tivese que se suspender definitivamente o encontro, o equipo local perderá o mesmo, sen lle descontar puntos na clasificación e sen que se considerase incomparecencia.

A F.G.B. recomenda a todos os clubs que sexan propietarios de terreos de xogo cubertos e pechados que, dentro das súas posibilidades, utilicen nos

mesmos canastras de pé, así como ter repostos de taboleiros para o caso de cacha accidental.

2.1.8.10. BALÓN OFICIAL DE XOGO.

O balón oficial de xogo para esta categoría será de coiro da marca Bádén, modelo BX465 de dúas cores. A non utilización do balón oficial levará consigo a sanción prevista nas normas xerais, no apartado 1.12.

2.1.8.11. OBRIGAS ESPECÍFICAS.

COMUNICACIÓN DE RESULTADOS.

O árbitro principal e o club local están obrigados a comunica-lo resultado o mesmo día do encontro á Federación Galega de Baloncesto, por sms ó teléfono 686936427 ou ben por e-mail a prensa@fegaba.com

2.2. CATEGORÍA JUNIOR.

2.2.1. DATA DE INSCRIPCIÓN DE EQUIPOS.

Data tope de inscrición: 15 de Setembro 2008

2.2.2. XOGADORES.

A data límite para dar de alta xogadores nesta categoría será a do 1 Marzo do 2009.

Excepcionalmente, permitirase que un xogador, pertencente a outro equipo do Club e da mesma categoría, poida ser aliñado na Fase Clasificatoria do Grupo Especial ou na Liga FGB, cun cupo máximo de 2 xogadores por partido nesta situación.

2.2.3. ARBITRAXES.

Os arbitrxes serán zonais.

Si un equipo desexa árbitros non zonais deberá solicitalo en tempo e forma segundo o Regulamento Xeral de Competicións.

2.2.4. HORARIO DE XOGO.

Banda horaria do inicio dos encontros:

Sábados, de 10,00 a 12,30 e de 16,30 a 20,00 horas.

Domingos, de 10,00 a 12,30 e de 16,30 a 19,00 horas.

En ningún caso poderase fixar como horario de xogo antes das 11,00 horas nin posterior as 18,30 horas si o equipo que se despraza faino dende máis de 50 km. por traxecto.

Os encontros que teñan como horario de xogo os sábados (excepto nas eliminatorias que se poña especificamente esa data), terán un custo adicional por xornada de 15 euros.

Recomendacións:

Recoméndase os clubs participantes que no posible designen como horario de xogo os Domingos ás 17,30 horas, o que evitaría problemas arbitrais e moitas coincidencias cos equipos sénior e cadetes.

Modificacións de data, campo e horario:

| Obxecto Modificación | Prazo Recepción | Conformidade | Cota |
|----------------------|-----------------|--------------|-------|
| Fecha | Antes 1 mes | Si | 0 |
| Campo | Antes 1 mes | No | 0 |
| Hora | Antes 1 mes | Si | 0 |
| Fecha | Antes 15 días | Si | 25,00 |
| Campo | Antes 15 días | No | 25,00 |
| Hora | Antes 15 días | Si | 25,00 |
| Fecha | Antes 9 días | Si | 45,00 |
| Campo | Antes 9 días | Si | 45,00 |
| Hora | Antes 9 días | Si | 45,00 |

Excepcionalmente e por causas de forza maior, a xuízo fundamentado do Secretario Xeral da F.G.B., este poderá autorizar algunha solicitude fora dos prazos sinalados, sendo requisito indispensable para a súa consideración haber recibido na F.G.B. o día da petición, a cota de 75,00 Euros e a conformidade do equipo contrario.

Nas competicións de carácter zonal, cada Delegación pode propoñer condicións específicas para os cambios de data, campo e horario.

2.2.5. TERREO DE XOGO.

Cada Equipo participante deberá contar cun terreo de xogo Oficial e cuberto, o cal non poderá variar en toda a tempada, no que se celebrarán os seus encontros e que reúna as condicións técnicas que establecen as Regras Oficiais de Xogo, non admitíndose nas competicións aqueles equipos que na súa folla de inscrición non o fagan constar.

O terreo de xogo será obrigatoriamente liso e non terá planos inclinados, que permita a práctica do baloncesto. O campo de xogo deberá contar obrigatoriamente con marcador electrónico visible, para ambos equipos e público, cronometraxe de vinte e catro segundos electrónico. Nos casos de forza maior de non contar co sistema de cronometraxe e marcador electrónico deberá telo manual, igualmente os clubs poñerán a disposición dos Oficiais de mesa cinco tabliñas numeradas do un ó cinco para as faltas persoais, así como dúas bandeiriñas vermellas para a sinalización do cupo das catro faltas, tanto orientados os equipos como o público e un dispositivo que marcará a alternancia na posesión de balón.

Cada equipo disporá a ambos lados da mesa de anotación, de forma simétrica, dous bancos ou cadeiras en cantidade suficiente para cada un dos equipos. O propio tempo o club locatario disporá que pegada a mesa de anotación diante da mesma ou a ambos lados, colóquese unha cadeira, para que o equipo que desexe efectuar cambio de xogadores o efectúe coa máxima rapidez.

Nos encontros que participen equipos que realicen desprazamentos e no caso de suspensión do mesmo por inclemencia atmosférica ou por calquera outra causa, deberá celebrarse o mesmo, obrigatoriamente dentro das dúas

horas seguintes a marcada para o comezo do mesmo. Así mesmo se un club ofrece como cancha reserva unha cuberta e pechada para casos de inclemencia atmosférica, deberá celebrarse o encontro dentro do prazo sinalado anteriormente. Si finalmente e por falta de previsión do equipo local tivese que suspenderse definitivamente o encontro, o equipo local perderá o mesmo, sen descontarlle puntos na clasificación e sen que se considerase incomparecencia.

A F.G.B. recomenda a todos os clubs que sexan propietarios de terreos de xogo cubertos e pechados que, dentro das súas posibilidades, utilicen nos mesmos canastras de pé, así como ter reposto de tableiros para o caso de cache accidental.

Nas competicións de carácter zonal, non se esixirá, pero recoméndase, que o terreo de xogo sexa cuberto, así como que teña marcador electrónico e reloxo de 24 segundos; así mesmo, poderanse flexibilizar as condicións esixibles para o terreo de xogo.

2.2.6. BALÓN OFICIAL DE XOGO.

O balón oficial de Xogo para esta categoría será de coiro da marca Bäden, modelo BX471 de dúas cores na categoría masculina e o modelo BX 465 de dúas cores na categoría feminina. A no utilización do balón oficial levará consigo a sanción prevista nas normas xerais, no apartado 1.12.

2.2.7. OBLIGACIONS ESPECÍFICAS.

COMUNICACIÓN DE RESULTADOS

O árbitro principal e o equipo local están obrigados a comunicar o resultado o mesmo día do encontro a Federación Galega de Baloncesto por SMS o número 686936427 ó ben por e-mail correo: prensa@fegaba.com

Nas competicións de carácter zonal non se procederá a esta comunicación.

2.2.8. CATEGORÍA JUNIOR MASCULINA.

A competición dividirase en dúas Fases: Fases Clasificadoras e Fases Finais.

2.2.8.1. FASES CLASIFICATORIAS.

2.2.8.1.1. TORNEO DE APERTURA

Cada Delegación Zonal organizará o Torneo de Apertura de Categoría Júnior Masculina.

Lémbrese que cando unha Competición Zonal non reúna un mínimo de 4 equipos para desenvolver a mesma, deberá levala a cabo xuntamente con outra Delegación limítrofe co fin de permitir un desenrolo normal da Competición. Os equipos das zonas afectadas por esta decisión, deberán acatala decisión que sobre o particular determine o Comité de Actividades da F.G.B.

A Delegación (ou a FGB, se participase mais dunha delegación) elaborará as Bases Específicas desta Competición, tendo en conta as premisas seguintes:

EQUIPOS PARTICIPANTES.

Deberán participar todos os equipos de categoría Júnior Masculina da Delegación Zonal que se inscriban especificamente no Campionato Zonal Júnior Masculino nos prazos previstos nestas Bases de Competición e que non estean encadrados na Fase do Grupo especial.

FORMA DE XOGO.

O sistema de competición será o establecido nas Bases de Competicións Zonais.

O sistema de Competición empregado, contemplará que como mínimo calquera equipo xogue polo menos 6 partidos.

Recoméndase que a competición comece o derradeiro fin de semana de Setembro.

